A promoción de enlace (1920-1930)

Características:
- Escritores nados na década dos 20.
- Grupo heteroxéneo.
- Elaboran illadamente os seus discursos literarios nos anos negros da postguerra.
- Viven a súa mocidade durante os primeiros anos da ditadura.
- Formados na cultura castelá, escriben nesta lingua os seus primeiros poemas.
- Acusan as pegadas dos poetas surrealistas do 27 español e das vangardas galegas.
- Colaboran nas mesmas revistas poéticas: Alba, Aturuxo, Cristal, Posío,...
- Poesía de temática existencial e angustiada, e compromiso social.

Antón Tovar Bobillo:
- Rairiz de Veiga (OU-1921)
- Iniciou Filosofía e Letras e dous anos de noviciado en Salamanca.
- Poesía:
    - intimista
    - visión tráxica e resignada da realidade e da vida
    - obras:
        - **Arredores** (1962)
        - **Calados esconxuros** (1980), Premio da Crítica
        - **Berros en voz baixa** (1990)
- Narrativa:
    - **A grande ilusión e outros contos** (1989), relatos emparentados co social-realismo pero vontade introspectiva.
- Ensaio:
    - **Diario sen datas** (1987), experiencias, reflexións,... de escritores galegos.

Luz Pozo Garza:
- Ribadeo (1922)
- Estudiou Música, Maxisterio e Filosofía e Letras.
- Catedrática de Instituto.
- Directora da revista de poesía "Nordés".
- Poesía:
    - **O paxaro na boca** (1952), trata do amor dun xeito delicado e sensual.
    - **Verbas derradeira**s (1972), reflexión sobre o sentido tráxico da vida humana, nostalxia, inquedanza vaga e presencia da morte.
    - **Concerto de outono** (1981), engade a preocupación dolorosa do pasado e futuro de Galicia.
    - **Códice Calixtino** (1986), ton elexíaco e constante recurso á memoria e ó pasado vivido intensamente; frecuentes oposicións luz/sombra.

Manuel Cuña Novás:
- Pontevedra (1926)
- Un dos máis representativos iniciadores da chamada "Escola da Tebra"
- Colaborador na prensa pontevedresa.
- Poesía:
    - **Frauta na noite** (1947), influencia do popularismo hilozoísta e neotrobadorismo.
    - **Fabulario novo**, poemas caracterizados polo sentimento de angustia e actiude desesperada que se amosa nos motivos recorrentes: tebras, escuridade, desacougo,...
    - **Canto e fuga da irmandade sobre da terra e da morte** (1977), reflexión sobre Galicia con abundantes recursos repetitivos.

A xeración das Festas Minervais.

Características:
- Nados entre 1930-40.
- Todos teñen acceso á universidade.
- Recuperación a partir de 1953 en Santiago das Festas Minervais de tradición renacentista e barroca.
- Moitos dos escritores universitarios participantes colaboran tamén no suplemento cultural do xornal compostelán "La Noche".
- Grupo Brais Pinto, universitario e emigrantes en Madrid, que crean unha colección de poesías da Escola da Tebra": Ramón Lorenzo, Bernardino Graña, Méndez Ferrín, ...
- Moitos deles publican na colección "Illa Nova" da editorial Galaxia, servindo de canle para a chamada "Nova Narrativa Galega".
- Caracterízanse pola renovación temática e formal, combinando a tradición galega anterior con movementos culturais europeos e norteamericanos.
- Achéganse ao existencialismo da escola da Tebra , unha poesía filosófica, pesimista e dominada pola angustia da vida que convive coa poesía política e social.
- Reflicten o compromiso coa esquerda e co nacionalismo.
- Pódense distinguir dous grupos:

  O grupo compostelán: manteñen relación con Ramón Piñeiro e o grupo cultural da Ed. Galaxia.

  O grupo Bais Pinto, creado en Madrid por un grupo de mozos galegos emigrados e universitarios que fan alarde dun carácter vangardista e radical.

Manuel María:
- Outeiro de rei (1930)
- O primeiro poeta novo da postguerra, comprometido politicamente co nacionalismo.
- Estudio Filosofía e Letras e dirixiu en Lugo a colección "Xistral" de poesía.
- Xunto con Cuña Novás, os máximos representantes poéticos da Escola da Tebra.

- Poesía existencial: **Muiñeiro de brétemas**(1950).

- Poesía paixasística: **Terra Cha** (1954).

- Poesía social e comprometida, cun estilo directo, con humor e sarcasmo.:**Documentos persoais** (1958).

- Poesía de renovación da linguaxe e contido ideolóxico cun carácter intimista, na que recupera vivencias, lugares e sentimentos do pasado pero sen abandonar o compromiso e a defensa da identidade de Galicia: **Poemas ao Outono** (1977).

Uxío Novoneyra:
- Parada de Moureda-O Courel (1930)
- Traballou en Madrid en radio e TV, entrando en contacto co grupo Brais Pinto.
- Poesía paisaxística:
  - na corrente lírica paisaxísitca de Noriega, Crecente, Alvariño e Manuel María.
  - recursos lingüísticos:
    - fonosimbolismo
    - simbolismo gráfico-visual
    - estilo litúrxico.
- Obras:
  - **Os Eidos**(1955): linguaxe sintética e esencial, busca a harmonía entre o home e

a paisaxe. Preocupación existencial.

- **Poemas caligráficos** (1979), poesía política e comprometida
- **Muller pra lonxe** (1987), concepción do amor e sentimento amoroso asociado á noite, de forma recorrente.

Xohana Torres:
- Santiago (1931)
- Premio de poesía da Asociación da prensa de Vigo (1955), co que se deu a coñecer
- Cultiva tamén o ensaio e a literatura infantil.
- Poesía:
  - **Do sulco** (1957), próxima ó grupo de poetas do grupo Brais Pinto.
  - **Estacións ao ma**r (1980), Premio da Crítica española, preocupación por Galicia, o paso do tempo, a memoria e a fugacidade das cousas.

- Narrativa:
  - **Adiós María** (1971), testemuña dunha urbe galega eda emigración en Europa.

- Teatro:
  - **A outra banda o Iber**r(1965)
  - **Un hotel de primeira sobre o río** (1969)

Bernardino Graña:
- Cangas do Morrazo (1972)
- Estudio Filosofía e Letras.
- Varios premios nas Festas Minervais (restauradas en 1953)
- Tamén cultivou o teatro, narrativa e literatura infantil.
- Poesía:
  - **Poema dun home que quixo vivir** (1958), dentro da liña da Escola da Tebra (angustia existencial)
  - **Profecía do mar** (1966), afirmación vitalista do home e do universo, presenza constante do mar, e linguaxe con termos mariñeiros. Verso libre.
  - **Non vexo Vigo nin Cangas** (1975), poesía ecolóxica contra a destrucción do mar e da terra que denuncia a deshumanización da sociedade moderna.
  - **Se o noso amor e os peixes** (1980), resonancias dos Cancioneiros.

Avilés de Taramancos:
- Taramancos-Noia (1935)
- Poesía:
  - **As moradías do vento**(1955), clasicismo formal e alento vitalista e sensual.
  - **- Poemas de ausencia** , presente a saudade por Galicia
  - **Cantos caucanos** (1985), influido da súa estadía en Colombia.

-Premio da Crítica 1986.